

AVISO

ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE LOIS - MONTE DE RIBADUMIA TOMA DE POSESIÓN PROVISIONAL

Ao amparo do disposto pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, e conforme ao establecido polo artigo 44 da Lei de concentración parcelaria para Galicia, con data 23/06/2020, o director xeral de Desenvolvemento Rural resolveu dar **TOMA DE POSESIÓN** provisional dos predios resultantes do proceso de concentración parcelaria da zona de Lois - Monte de Ribadumia (Ribadumia, Pontevedra).

As datas para tomar posesión dos predios son as seguintes:

1. Para terreos de prado, pasteiro, labradío sen colleita e monte, o día **30/09/2020**
2. Para os restantes terreos, no momento no que se retiren as colleitas actuais.

Non obstante, **a data límite para a retirada do arborado é o día 30/03/2021**, debendo contarse co preceptivo permiso do Servizo de Montes e o informe favorable do Servizo de Conservación da Natureza, no caso de especies autóctonas protexidas.

Dentro dos **sesenta días naturais** seguintes ao 30/09/2020 en que os predios de substitución se poñen a disposición dos participantes para que tomen posesión delas, poderá reclamar – acompañando ditame pericial- sobre diferenzas superiores ao 2% entre a cabida real dos predios e a que conste no expediente.

Importante: os propietarios das parcelas de achega deben, en todo caso, permitir aos titulares dos novos predios o seu acceso a eles para que poidan proceder á súa medición dentro do prazo dos sesenta días naturais antes sinalado.

Debe terse en conta que:

1. A falta de superficie dun predio non será compensada cando exista exceso de superficie no conxunto dos predios atribuídos ao mesmo propietario, e esta sexa suficiente para compensar en valor de puntuación o conxunto das atribucións.
2. Non se admitirá reclamación no caso de que o predio obxecto dela coincida exactamente, na súa delimitación cartográfica, coa parcela achegada polo mesmo titular.
3. Impedir ou obstaculizar a toma de posesión é considerada unha infracción moi grave (artigo 73 da Lei de concentración parcelaria para Galicia) sancionada con multa de 1.502,54 a 3.005,06 euros.
4. Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a toma de posesión poderá darse, previo apercibimento, mediante compulsión directa sobre a/s persoa/s que a impidan.
5. Os planos do acordo actualizados están accesibles en internet na páxina web da Consellería do Medio Rural na seguinte dirección, na sección publicacións:

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentracion-parcelarias-procesos>

Pontevedra,

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias

María José Pérez Gil

(asinado dixitalmente)

Teléfonos de atención ao público: 986 80 54 48 / 986 80 54 52 / 986 80 54 53



NOTA: Esta información notificarase individualmente por correo postal certificado ou por sede electrónica

